Pola súa parte, o artigo 6 do Regulamento da Lei da Expropiación Forzosa engade que os titulares non percibirán indemnización independente, sen prexuízo de facer valer os seus dereitos sobre o prezo xusto derivado da expropiación principal.

Sen prexuízo do exposto, procede salientar de novo que no presente caso non se ten acreditada a existencia de título habilitante para a instalación do cartel publicitario, polo que non procede a súa consideración aos efectos de indemnización no procedemento.

Así mesmo, aínda que resultase este feito acreditado, trátase dun uso ou obra provisional en solo urbanizable, que debe cesar e derribarse cando así sexa acordado polo Concello, sen dereito a indemnización, en cumprimento do disposto no artigo 89.2 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

En base ao exposto, **PROPONSE DESESTIMAR** as alegacións presentadas.

ALEGACIÓN 6 (FINCA Nº 7)

Gelasio Vilas Souto, con D.N.I. [REDACTED] actuando en representación de José Vilas Souto con D.N.I. [REDACTED] presentou con data de 18/03/2026 escrito de alegacións no que indica:

- Desconformidade coa valoración presentando aos efectos informe pericial no que se fai constar:
 - Procedencia dunha indemnización por expropiación parcial debido a perda de unidade agrícola, redución de mercado e demérito.
 - Procedencia dunha indemnización das obras realizadas no terreo así como o movemento de terras realizado.
 - Valoración de bens non incluídos no proxecto, en concreto malla de torsión plastificada (1,50 m), viguetas de formigón cada 3 metros (aprox. 21 unidades) incluíndo o recibo de formigón HM-20 en masa, tensores, arame de reparto e formigón para a cimentación de postes; cuadrilla especializada para o replanteo,

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiotg@estudiotg.es

escavación de pozos, colocación de viguetas e tensado de malla; maquinaria, transporte e custos indirectos. Ademais inclúese gastos notariais, rexistrais e de xeorreferenciación.

Xunta coa súa solicitude:

- Informe de valoración elaborado por José Manuel Queijo Rey, Enxeñeiro Técnico Agrícola con número de Colexiado 680 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Peritos Agrícolas de A Coruña requirido por José Vilas Souto.
- Copia de escritura de agrupación outorgada por José Vilas Souto ante o notario Alfonso Goday Portais a 07/03/2003 con número de protocolo 476.
- Copia de D.N.I de Gelasio Vilas Souto.
- Copia de escritura de poder outorgada a José Vilas Souto ante o notario Alfonso Goday Portais a 04/05/2001, número de protocolo 1.019 a favor de Gelasio Vilas Souto.

Á vista da alegación formulada, infórmase o seguinte:

1.-Sobre a desconformidade coa valoración dos bens afectados

Os valores aplicados aos bens afectados fixéronse de acordo cos criterios e métodos de valoración establecidos no Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana (TRLRU) e no Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de Valoracións da Lei do Solo (RVLS).

De acordo coa normativa indicada, o solo valórase pola situación urbanística na que se encontra, estando o solo afectado na situación básica de rural segundo o disposto no artigo 21 do TRLRU.

En canto á discrepancia coa valoración fixada pola administración, tal e como dispón o artigo 293.6, 7 e 8 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, emitido informe sobre as alegacións, someterase o expediente á aprobación do órgano municipal. A resolución aprobatoria do expediente notificarase ás persoas interesadas titulares de bens e dereitos que figuran no mesmo, conferíndolles un prazo de vinte días, durante o cal poderán manifestar por escrito ante o órgano expropiante a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado.

En tal caso, darase traslado do expediente e da folla de aprecio impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia, aos efectos de fixar o xusto prezo que, en todo caso, farase de acordo cos criterios de valoración establecidos na lexislación vixente.

Se as persoas interesadas non formularan oposición á valoración no citado prazo de vinte días, entenderase aceptada a que se fixou no acto aprobatorio do expediente, entendéndose determinado o xusto prezo definitivamente e de conformidade.

Non se contempla indemnización por demérito ao non quedar xustificadas os prexuízos ocasionados no resto da parcela. Cómpre salientar a estes efectos que o proxecto de expropiación que nos ocupa tramítase para a obtención dun espazo libre previsto no planeamento, que os propietarios xa tiñan a obriga de ceder gratuitamente ao Concello no momento (artigo 29 a) do Regulamento da Lei do Solo de Galicia). Polo tanto, a expropiación

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiotg@estudiotg.es

dos terreos, aínda que sexa parcialmente, non limita as súas posibilidades de transformación nin o desenvolvemento do planeamento ou a súa posible edificabilidade, polo que non resulta obxecto de indemnización económica no procedemento expropiatorio.

A parcela non ten a clasificación de solo rústico de especial protección agropecuaria segundo o PXOM vixente e tampouco consta ningún catálogo oficial onde se clasifiquen os terreos como de alta produtividade agropecuaria, polo que non procede alegar a perda de rendibilidade agrícola, tendo en conta ademais que na actualidade non se está realizando ningún tipo de aproveitamento deste tipo.

Plantéxase un cultivo de horta, alegando que es “cultivo al que están destinadas mayoritariamente las fincas”. Sen embargo, nin a propia parcela obxecto da alegación nin nas inmediacións se observan invernadoiros nin plantación hortícolas.

A parcela está afectada en parte pola zona de fluxo preferente e pola lámina de inundación do rego da Balsa, polo que o cultivo leituga-xudía plantexado non se considera adecuado en solos inundables como é o caso. Os cultivos propostos requiren solos ben drenados, polo que solos con mal drenaxe poden afectar negativamente ao crecemento das raíces, e propiciar enfermidades fúnxicas.

Identifícase a parcela como “horta cerrada”, sen xustificar ningún tipo de aproveitamento hortícola da parcela na actualidade. A parcela resultante da expropiación tampouco perdería o acceso, tendo en conta que xustamente o acceso da parcela mantense inalterado, tendo a parcela resultante un vial municipal ao longo de todo o lindeiro oeste.

Non se considera xustificada a perda de valor produtivo (agrario) da parcela, e o desenvolvemento urbanístico da parcela resultante non se ve alterado.

En consecuencia, non procede o recoñecemento de ningunha indemnización derivada da expropiación parcial da finca en caso de tratarse dun solo urbanizable, pois no resto residual non se ocasiona ningún demérito, ao quedar intacta a súa consideración xurídica xa prevista no planeamento, non resultando polo tanto antieconómica a conservación da parte sobranche, que se mantén nas mesmas condicións nas que estaba antes da expropiación.

Respecto do movemento de terras que indica, trátase de actuacións levadas a cabo polo propietario como mellora da parcela que non resultan obxecto de indemnización independente do solo, que en todo caso redundan no aproveitamento rural da finca que foi considerado na valoración, e que en todo caso resultan partidas necesarias para que sexa un terreo apto para o cultivo como terra de labor. A estes efectos, a valoración da administración xa contemplou que unha capitalización de renda como solo produtivo adicado a un cultivo real ou potencial de herba e forraxe.

En canto á capitalización de rendas que o perito formula no seu informe, non se considera procedente a aplicación dun factor de localización u3 superior á unidade, toda vez que non se encontra nun entorno de singular valor ambiental ou paisaxísticos aos efectos do disposto no artigo 17.5 do RVLS.

Establece este artigo que aos efectos da aplicación do factor corrector u3, consideraranse como entornos de singular valor ambiental ou paisaxístico aqueles terreos que polos seus valores ambientais, culturais, históricos, arqueolóxicos, científicos ou paisaxísticos, sexan obxecto de protección pola lexislación aplicable, e en todo caso, os espazos incluídos na Red Natura 2000.

No presente caso, o solo afectado encóntrase clasificado como urbanizable no planeamento, polo que pode ser obxecto de transformación mediante o desenvolvemento urbanístico, polo

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiotg@estudiotg.es

que en ningún caso resulta compatible coa súa protección pola lexislación aplicable, referida unicamente ao solo rústico.

Non resultan indemnizables os gastos derivados da actualización das escrituras (notaría, rexistro...) ao tratarse de cuestións indirectas da expropiación.

2.-Sobre a inclusión de bens afectados

Quedou constatada a existencia no ámbito afectado outros bens diferentes do solo, que procede recoñecer e incluír na valoración, como bens afectados na finca nº 7, en concreto:

- 66 m.l. de malla de arame (1,50 m. alto)
- 22 ud. vigueta de formigón (1,70 m. alto)

Considéranse axeitados os seguintes importes, tendo en conta o valor de reposición ao seu estado orixinario, o estado de conservación e a antigüidade:

BENS AFECTADOS		VALOR UNITARIO (€/UD)	VALOR BENS(€)	VALOR AFECCIÓN (€)	VALOR TOTAL BENS(€)
66	m. de maia de arame (1,50 m. alto)	13,89	916,74	45,84	962,58
22	ud. vigueta de formigón (1,70 m. alto)	25	550	27,5	577,5

TOTAL (€)	1.540,08
------------------	----------

Respecto á valoración dos bens afectados distintos do solo, consistentes en m de maia de arame (1,50 m. Alto) e ud. vigueta de formigón (1,70 m. Alto), cómpre aclarar que o seu valor a efectos de expropiación será o de reposición neto, é dicir, tendo en conta a súa antigüidade, tal e como prevé o artigo 6.5 do Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de Valoracións da Lei de Solo.

A valoración proposta pola propiedade respecto do peche afectado, está referida ao valor de reposición bruto, ou “a novo” tal e como indica o informe pericial que xunta, polo que excede con creces o valor que debe considerarse na expropiación, tendo en conta a antigüidade e o estado de reposición dos devanditos bens.

En base ao exposto, **PROPONSE ESTIMAR PARCIALMENTE** as alegacións presentadas, ao recoñecerse e incluírse na valoración 66 m. maia de arame e 22 ud. vigueta de formigón existentes na finca, sen que proceda a aceptación das demais pretensións.

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiotg@estudiotg.es

ALEGACIÓN 7 (FINCA Nº 9)

Pedro Eirín Muíño con D.N.I. [REDACTED] presentou con data de 07/04/2026 escrito de alegacións no que indica:

- Que é propietario da parcela con referencia catastral 15019A02200149 polo que solicita que se lle aboe a parte correspondente da parcela denominada co nº 48, de 168 m².
- Desconformidade coa valoración do m² calculado.

Xunta coa súa solicitude:

- Copia de testamento de Francisco Raúl Eirín García outorgado ante o notario Carlos-Andrés Mosquera Delgado a data de 12/02/2016, número de protocolo 236. Nel exponse que ten plena validez tanto a partición que formalizou conxuntamente coa súa esposa, e que protocolizou mediante Acta autorizada o día 22 de outubro de 2014, polo notario de A Coruña, Don Enrique – Santiago Rajoy Feijoo, baixo o número 2.089 de Protocolo, así como do testamento que outorgou o mesmo día e ante o mesmo notario, baixo o número 2.090 de Protocolo, coas modificacións que se fan constar no referido testamento, entre estas:
 - Causa baixa no cupo número 1 formado na referida partición a súa filla María de las Nieves Eirín Muíño, entre outros inmobles, na parcela de terreo sinalada co número 47, na paraxe “Ponte da Pedra”, da superficie de 168 m².
 - Causan alta no cupo número 3 formado na referida partición a súa filla Lucía Eirín Muíño, cos seguintes bens, entre outros: parcela de terreo sinalada co número 47, na paraxe “Ponte da Pedra”, da superficie de 168 m².
- Copia da acta de protocolización de operacións particionais outorgado por Francisco Raúl Eirín García e María-Nieves Muíño Serrano ante o notario Enrique-Santiago Rajoy Feijoo a 22/10/2014, con número de protocolo 2.089 sobre a partición dos seus bens. Consta na partida 6 do inventario a parcela de terreo sinalada co número 48, na paraxe “Ponte da Pedra”, da superficie de 168 m². Léganse mutuamente o usufruto universal e vitalicio de todo o seu haber hereditario e institúen herdeiros aos seus tres fillos, María de las Nieves, Pedro e Lucía Eirín Muíño. Adxudica no cupo número 2, a favor de Pedro Eirín Muíño, entre outros bens, a parcela de terreo sinalada co número 48, na paraxe “Ponte da Pedra”, da superficie de 168 m² (parcela número 7 do cupo número 2), que pertence ao outorgante Francisco – Raúl Eirín García, con carácter privativo, por herdanza do seu pai Don Ramón Eirín Barreiro, e adxudicación en partición aprobada e protocolizada na notaría de Carballo de Don Domingo – Enrique Gutiérrez Aller o día 04/05/1976.
- Copia de testamento outorgado por Ramón Eirín Barreiro ante o notario Rafael Pardo Argüelles o 05/05/1958, número de protocolo 948, no que institúe herdeiros aos seus tres fillos, Raúl, Manuel e Ramón Eirín García, sen prexuízo da cota viudal usufrutuaria a favor da súa esposa, Amparo García Núñez.
- Escritura de aprobación e protocolización de partición de bens de Ramón Eirín Barreiro ante o notario Domingo-Enrique Gutiérrez Aller o 04/05/1976, número de protocolo 815 e liquidación do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiotg@estudiotg.es

documentados. Adxudícase a Francisco – Raúl Eirín García o terreo en Ponte da Pedra, número 47, de cabida 168 m².

- Copia de DNIs de Pedro Eirín Muíño, Lucía Eirín Muíño e María Nieves Muíño Serrano.
- Certificado de últimas vontades de Francisco Eirín García no que establece como último testamento outorgado o correspondente á data de 12/02/2016 ante o notario Carlos Mosquera Delgado.
- Certificado de últimas vontades de Ramón Eirín Barreiro no que se establece como último testamento outorgado o de data 05/05/1958 ante o notario Rafael Pardo Argüelles.
- Certificado de defunción de Francisco Eirín García.
- Certificado de defunción de Ramón Eirín Barreiro.

Á vista da alegación formulada, infórmase o seguinte:

1.-Sobre a titularidade da finca

A finca de referencia catastral 15019A02200149 sobre a que se formula a alegación correspóndese coa número 9 do proxecto de expropiación, no que figura como titular da mesma José Eirín Barros.

A reclamante non achega documento que permita acreditar a propiedade da finca ao seu favor. En concreto, na documentación achegada non é posible identificar de xeito fehaciente a finca expropiada coa de referencia catastral 15019A02200149, ao non constar ningunha referencia que permita a súa representación gráfica de forma xeorreferenciada. En consecuencia, a fin de poder identificar a finca afectada no proxecto coa que consta nas escrituras achegadas polo reclamante, e recoñecer a este como titular da mesma, ou no seu caso, como copropietario, deberá proceder de xeito previo a modificación ou subsanación dos datos catastrais, de tal xeito que consten actualizados os datos de titularidade.

A estes efectos, cómpre salientar que segundo o disposto no artigo 3.2 da Lei de Expropiación Forzosa, salvo proba en contrario, a Administración expropiante considerará propietario ou titular a quen con este carácter conste en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade, que só pode ser destruída xudicialmente, ou, no seu defecto, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais, ou, finalmente, a quen o sexa pública e notoriamente.

Pola súa parte, o artigo 11 do Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido de la Lei do Catastro Inmobiliario (TRLRHL), establece a obriga aos titulares de incorporar ao catastro de cantos datos sexan necesarios para que a descrición catastral dos inmobles afectados concorde coa realidade, incluídos os datos de titularidade.

Así mesmo, dispón o artigo 3 do TRLRHL que salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiotg@estudiotg.es

En canto aos documentos para a execución do planeamento urbanístico, o artigo 220 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece que a redacción dos planos dos proxectos elaboraranse empregando, cando resulte posible, as bases gráficas catastrais, de maneira que resulten compatibles co Catastro e os demais instrumentos coordinados con este, en especial o Rexistro da Propiedade, sen prexuízo da realidade física debidamente acreditada.

En consecuencia, non queda acreditada a titularidade do reclamante respecto da parcela catastral reclamada, nin desvirtuada a presunción de certeza de que gozan os datos catastrais, debendo continuar a tramitación das actuacións co titular catastral, que é o que consta no proxecto.

2.-Sobre a desconformidade coa valoración dos bens afectados

Os valores aplicados aos bens afectados fixéronse de acordo cos criterios e métodos de valoración establecidos no Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana (TRLRU) e no Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do solo (RVLS).

De acordo coa normativa indicada, o solo valórase pola situación urbanística na que se encontra, estando o solo afectado na situación de rural, segundo o disposto no artigo 21 do TRLRU.

En canto á discrepancia coa valoración fixada pola administración, tal e como dispón o artigo 293.6, 7 e 8 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, emitido informe sobre as alegacións, someterase o expediente á aprobación do órgano municipal. A resolución aprobatoria do expediente notificarase ás persoas interesadas titulares de bens e dereitos que figuran no mesmo, conferíndolles un prazo de vinte días, durante o cal poderán manifestar por escrito ante o órgano expropiante a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado.

En tal caso, darase traslado do expediente e da folla de aprecio impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia, aos efectos de fixar o xusto prezo que, en todo caso, farase de acordo cos criterios de valoración establecidos na lexislación vixente.

Se as persoas interesadas non formularan oposición á valoración no citado prazo de vinte días, entenderase aceptada a que se fixou no acto aprobatorio do expediente, entendéndose determinado o xusto prezo definitivamente e de conformidade.

En base ao exposto, **PROPONSE DESESTIMAR** as alegacións presentadas.

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiotg@estudiotg.es

ALEGACIÓN 8 (FINCA Nº 9)

Lucía Eirín Muíño, con D.N.I. [REDACTED] presentou con data de 13/04/2026 escrito de alegacións no que indica:

- Que é titular de dereitos sobre unha porción da finca con referencia catastral 15019A022001490000IW e cuxo titular catastral aparece José Eirín Barros.
- Desconformidade coa valoración do solo.
- Impugnación da valoración do arboredo para que se apliquen criterios técnicos individualizados.

Xunta coa súa solicitude:

- Escritura de aprobación e protocolización de partición de bens de Ramón Eirín Barreiro ante o notario Domingo-Enrique Gutiérrez Aller o 04/05/1976, número de protocolo 815 e liquidación do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Adxudícase a Francisco – Raúl Eirín García o terreo en Ponte da Pedra, número 47, de cabida 168 m².
- Copia de testamento outorgado por Ramón Eirín Barreiro ante o notario Rafael Pardo Argüelles o 05/05/1958, número de protocolo 948, no que institúe herdeiros aos seus tres fillos, Raúl, Manuel e Ramón Eirín García, sen prexuízo da cota viudal usufrutaria a favor da súa esposa, Amparo García Núñez.
- Copia da acta de protocolización de operacións particionais outorgado por Francisco Raúl Eirín García e María-Nieves Muíño Serrano ante o notario Enrique-Santiago Rajoy Feijoo a 22/10/2014, con número de protocolo 2.089 sobre a partición dos seus bens. Consta na partida 6 do inventario a parcela de terreo sinalada co número 48, na paraxe “Ponte da Pedra”, da superficie de 168 m². Léganse mutuamente o usufruto universal e vitalicio de todo o seu haber hereditario e institúen herdeiros aos seus tres fillos, María de las Nieves, Pedro e Lucía Eirín Muíño. Adxudica no cupo número 2, a favor de Pedro Eirín Muíño, entre outros bens, a parcela de terreo sinalada co número 48, na paraxe “Ponte da Pedra”, da superficie de 168 m² (parcela número 7 do cupo número 2), que pertence ao outorgante Francisco – Raúl Eirín García, con carácter privativo, por herdanza do seu pai don Ramón Eirín Barreiro, e adxudicación en partición aprobada e protocolizada na notaría de Carballo de Don Domingo – Enrique Gutiérrez Aller o día 4/5/1976.
- Copia de DNIs de Pedro Eirín Muíño, Lucía Eirín Muíño, María Nieves Muíño Serrano.
- Certificado de últimas vontades de Francisco Eirín García no que establece como último testamento outorgado o correspondente á data de 12/02/2016 ante o notario Carlos Mosquera Delgado.
- Certificado de últimas vontades de Ramón Eirín Barreiro no que se establece como último testamento outorgado o de data 05/05/1958 ante o notario Rafael Pardo Argüelles.
- Certificado de defunción de Francisco Eirín García.
- Certificado de defunción de Ramón Eirín Barreiro.

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiotg@estudiotg.es

- Copia de testamento de Francisco Raúl Eirín García outorgado ante o notario Carlos-Andrés Mosquera Delgado a data de 12/02/2016, número de protocolo 236. Nel expónse que ten plena validez tanto a partición que formalizou conxuntamente coa súa esposa, e que protocolizou mediante Acta autorizada o día 22 de outubro de 2014, polo notario de A Coruña, Don Enrique – Santiago Rajoy Feijoo, baixo o número 2.089 de Protocolo, así como do testamento que outorgou o mesmo día e ante o mesmo notario, baixo o número 2.090 de Protocolo, coas modificacións que se fan constar no referido testamento, entre estas:
 - Causa baixa no cupo número 1 formado na referida partición a súa filla María de las Nieves Eirín Muiño, entre outros inmobles, na parcela de terreo sinalada co número 47, na paraxe “Ponte da Pedra”, da superficie de 168 m2.
 - Causan alta no cupo número 3 formado na referida partición a súa filla Lucía Eirín Muiño, cos seguintes bens, entre outros: parcela de terreo sinalada co número 47, na paraxe “Ponte da Pedra”, da superficie de 168 m2.

Á vista da alegación formulada, infórmase o seguinte:

1.-Sobre a titularidade da finca

A finca de referencia catastral 15019A02200149 sobre a que se formula a alegación correspóndese coa número 9 do proxecto de expropiación, no que figura como titular da mesma José Eirín Barros.

A reclamante non achega documento que permita acreditar a propiedade da finca ao seu favor. En concreto, na documentación achegada non é posible identificar de xeito fehaciente a finca expropiada coa de referencia catastral 15019A02200149, ao non constar ningunha referencia que permita a súa representación gráfica de forma xeorreferenciada. En consecuencia, a fin de poder identificar a finca afectada no proxecto coa que consta nas escrituras achegadas polo reclamante, e recoñecer a este como titular da mesma, ou no seu caso, como copropietario, deberá proceder de xeito previo a modificación ou subsanación dos datos catastrais, de tal xeito que consten actualizados os datos de titularidade.

A estes efectos, cómpre salientar que segundo o disposto no artigo 3.2 da Lei de Expropiación Forzosa, salvo proba en contrario, a Administración expropiante considerará propietario ou titular a quen con este carácter conste en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade, que só pode ser destruída xudicialmente, ou, no seu defecto, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais, ou, finalmente, a quen o sexa pública e notoriamente.

Pola súa parte, o artigo 11 do Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario (TRLRHL), establece a obriga aos titulares de incorporar ao catastro de cantos datos sexan necesarios para que a descrición catastral dos inmobles afectados concorde coa realidade, incluídos os datos de titularidade.

Así mesmo, dispón o artigo 3 do TRLRHL que salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiotg@estudiotg.es

En canto aos documentos para a execución do planeamento urbanístico, o artigo 220 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece que a redacción dos planos dos proxectos elaboraranse empregando, cando resulte posible, as bases gráficas catastrais, de maneira que resulten compatibles co Catastro e os demais instrumentos coordinados con este, en especial o Rexistro da Propiedade, sen prexuízo da realidade física debidamente acreditada.

En consecuencia, non queda acreditada a titularidade do reclamante respecto da parcela catastral reclamada, nin desvirtuada a presunción de certeza de que gozan os datos catastrais, debendo continuar a tramitación das actuacións co titular catastral, que é o que consta no proxecto.

2.-Sobre a desconformidade coa valoración dos bens afectados

Os valores aplicados aos bens afectados fixéronse de acordo cos criterios e métodos de valoración establecidos no Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana (TRLRU) e no Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do solo (RVLS).

De acordo coa normativa indicada, o solo valórase pola situación urbanística na que se encontra, estando o solo afectado, clasificado como urbanizable, na situación de rural, segundo o disposto no artigo 21 do TRLRU. En todo caso, segundo a aplicación da normativa de valoracións expropiatorias, non serán obxecto de valoración as expectativas urbanísticas do solo.

No proxecto xa se fixo análise dos cultivos e aproveitamentos considerados na valoración, constando así mesmo a aplicación do factor de localización, en función da situación concreta da parcela a valorar. Así mesmo, valórase o arboredo afectado como partida independente do solo, asignándolle un valor pola perda da madeira que a expropiación provoca, e tendo en conta as diferentes partidas de ingresos e gastos que interveñen no proceso produtivo da árbore.

En canto á discrepancia coa valoración fixada pola administración, tal e como dispón o artigo 293.6, 7 e 8 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, emitido informe sobre as alegacións, someterase o expediente á aprobación do órgano municipal. A resolución aprobatoria do expediente notificarase ás persoas interesadas titulares de bens e dereitos que figuran no mesmo, conferíndolles un prazo de vinte días, durante o cal poderán manifestar por escrito ante o órgano expropiante a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado.

En tal caso, darase traslado do expediente e da folla de aprecio impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia, aos efectos de fixar o xusto prezo que, en todo caso, farase de acordo cos criterios de valoración establecidos na lexislación vixente.

Se as persoas interesadas non formularan oposición á valoración no citado prazo de vinte días, entenderase aceptada a que se fixou no acto aprobatorio do expediente, entendéndose determinado o xusto prezo definitivamente e de conformidade.

En base ao exposto, **PROPONSE DESESTIMAR** as alegacións presentadas.

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiotg@estudiotg.es

ALEGACIÓN 9 (FINCA Nº 4)

Asunción Fieira Busto, con D.N.I. [REDACTED] actuando en representación de María del Carmen Gómez Fernández, con D.N.I. [REDACTED], presentou con data de 21/04/2026 escrito de alegacións no que indica:

- Que María del Carmen Gómez Fernández é coherdeira coa súa irmá por parte de nai, de único vínculo chamada Dolores Añón Fernández, da finca de referencia catastral 15019A0222002510000IB. Que sendo ganancial a finca nº 4, correspóndelle á filla de dobre vínculo dos propietarios, María del Carmen Gómez Fernández, o 75% de dita propiedade (o 50% do seu pai, Manuel Gómez Vitureira, e o outro 25% por parte da súa nai, Teresa Fernández Mato), correspondéndolle á filla dun so vínculo, Dolores Añón Fernández, o 25% restante do valor de dita propiedade.
- Que se aboen as cantidades correspondentes nas contas bancarias aportadas.

Xunta coa súa solicitude:

- Certificado de conta bancaria con titular a nome de María del Carmen Gómez Fernández.
- Copia de testamento de Teresa Fernández Mato de 18/09/2009 ante o notario Alfonso Goday Portals, número de protocolo 1.578 no que se institúe herdeira a partes iguais as súas dúas fillas Dolores Añón Fernández e María del Carmen Gómez Fernández e no que se lega a Dolores Añón Fernández parte ou dereito da casa nº 22 da rúa do Molino, de Carballo.
- Copia de testamento de Manuel Gómez Vitureira de 04/05/2001 ante o notario Ramón González Vitureira, número de protocolo 1.053 no que aparece instituída como herdeira M^a. Carmen Gómez Fernández e no que se lega a Teresa Fernández Mato o usufruto e a Dolores Añón Fernández dúas fincas, "Tenza de Terceira de Abaixo" e "Agro do Rodo".

Á vista da alegación formulada, infórmase o seguinte:

1.-Sobre a titularidade da finca

Como xa se indicou respecto da alegación número 4, polo que respecta a titularidade da finca con referencia catastral **15019A0222002510000IB (finca nº 4 do proxecto)**, as reclamantes non achegan documentación suficiente que permita acreditar a titularidade da finca ao seu favor respecto da sucesión de Manuel Gómez, xa que non queda acreditado o falecemento do seu pai ao non aportar o correspondente certificado de defunción nin o testamento e o certificado de últimas vontades.

Porén, xustifícase a sucesión de María Teresa Fernández Mato a favor de Dolores Añón Fernández (25%) e de María del Carmen Gómez Fernández (25%), debendo quedar o 50% restante a favor dos herdeiros de Manuel Gómez Vitureira, en tanto non se acredite fehacientemente a sucesión deste.

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

Vía La Cierva, 15 - Polígono del Tambre
Tel.: (981) 57 07 70 - Fax: (981) 57 01 11
e-mail: estudiotg@estudiotg.es

En base ao exposto, **PROPONSE ESTIMAR PARCIALMENTE** as alegacións presentadas, ao quedar acreditada a sucesión de María a favor de Dolores Añón Fernández (25%) e María del Carmen Gómez Fernández (25%), manténdose o 50 % restante a favor dos herdeiros de Manuel Gómez Vitureira, ao non quedar acreditada documentalmente a sucesión deste.

Como consecuencia do informe emitido, proponse modificar a relación de bens e dereitos afectados e as valoracións que resultan, nos termos que se indican:

CVD: yUC7JDDfiWqIWfh9f0A8 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.carballo.gal/

FINCA	REF.CATASTRAL	TITULAR	CLASIFIC. URBANÍSTICA	SUP. TOTAL (M2)	SUP. AFECTADA (M2)	IMPORTE TOTAL SOLO (€)	BENS AFECTADOS		TOTAL TODO (€)
1	5255302NH2855N0000EX	SANCHEZ LORENZO OLIVA SANCHEZ LORENZO JOSEFA	URBANIZABLE DELIMITADO	2.105	2.105	10.874,43	2.105	M2 ARBOLEDO (ÁRBORE DE RIBEIRA)	12.200,58
							1	UD CARTEL (4X2 DE PROPIEDAD MUNICIPAL)	
3	15019A022001660000IO	SANCHEZ RAMA MARIA TERESA SÁNCHEZ MANZANERA RICARDO	URBANIZABLE DELIMITADO URBANIZABLE DELIMITADO	1.512	1.512	7.810,99	1.512	M2 ARBOREDO (ÁRBORE DE RIBEIRA)	10.502,35
							23	M3 VALADO DE PEDRA E TERRA	
4	15019A022002510000IB	GOMEZ FERNANDEZ MARIA DEL CARMEN AÑON FERNANDEZ, DOLORES GOMEZ VITUREIRA MANUEL [HERDEIROS]	URBANIZABLE DELIMITADO	561	561	2.898,13	561	M2 ARBOREDO (ÁRBORE DE RIBEIRA)	3.251,56
5	15019A022002170000IY	GOMEZ FERNANDEZ MARIA DEL CARMEN SOUTO VARELA JOSE [HERDEIROS]	URBANIZABLE DELIMITADO	583	583	3.011,78	583	M2 ARBOREDO (ÁRBORE DE RIBEIRA)	3.379,07
6	15019A022002180000IG	SANCHEZ LORENZO OLIVA SANCHEZ LORENZO JOSEFA	URBANIZABLE DELIMITADO	1.148	1.148	5.930,57	1.148	M2 ARBOREDO (ÁRBORE DE RIBEIRA)	6.653,81
7	15019A022002460000IW	VILAS SOUTO JOSE	URBANIZABLE DELIMITADO	9.341	7.881	40.713,25	66	M.L MALLA DE ARAME (1,50 m. Alto)	42.253,33
							22	UD. VIGUETA DE FORMIGÓN (1,70 m. Alto)	
8	15019A022001500000IU	POMBO REMUIÑAN MARIA DOLORES	URBANIZABLE DELIMITADO	1.290	892	4.608,07			4.608,07
9	15019A022001490000IW 15019A022001490001OE	EIRIN BARROS JOSE	URBANIZABLE DELIMITADO	7.385	2.547	13.157,8	2.547	M2 ARBOREDO (ÁRBORE DE RIBEIRA)	14.762,41
11	15019A022002100000IS	ARAN EIRIN JOSEFA [HERDEIROS]	URBANIZABLE DELIMITADO	3.543	416	2.149,06			2.149,06
12	15019A022002870001OA	ARAN CAAMAÑO JOSE LUIS	URBANIZABLE DELIMITADO	168	129	666,41	80	M2 ARBOREDO (ÁRBORE DE RIBEIRA)	716,81

Ascende o novo orzamento da expropiación á cantidade de **CEN MIL CATROCENTOS SETENTA E SETE EUROS E CINCO CÉNTIMOS (100.477,05€).**

Isidro López Yáñez

Arquitecto

Nº colex. 2.261

(documento asinado electronicamente)

LOPEZ YAÑEZ
JOSE ISIDRO -
32782185D

Firmado digitalmente por
LOPEZ YAÑEZ JOSE
ISIDRO - 32782185D
Fecha: 2026.08.18
11:48:27 +02'00'

Beatriz Blanco Lois

Enxeñeira Técnico Agrícola

Nº colex. 1.909